

**MELLORA DA SEGURIDADE E
ACCESIBILIDADE PEONIL NA AC-542.
BETANZOS**

1. Obxecto da actuación

A actuación prevista no presente proxecto comprende a creación dun itinerario peonil continuo e accesible no treito comprendido entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 0+000 e 2+400 da AC-542 para mellorar a seguridade e accesibilidade peonil, entre outras actuacións. A obra encadrase integramente no concello de Betanzos, na provincia da Coruña.

2. Plan de Estradas

A estrada AC-542 (Betanzos (AC-840) - Mesón do Vento (N-550)), pertencente á Rede Complementaria das estradas convencionais da Rede autonómica de estradas de Galicia.

3. Descrición da actuación

Proxéctanse varias actuacións :

- Renovación e execución de beirarrúas naqueles treitos nos que non existan ou presenten un estado deficiente.
- Reordenación da sección transversal da AC-542 para ampliar as beirarrúas.
- Substitución dos vaos completos por rebaixas das beirarrúas nos accesos a fincas privadas.
- Creación dunha glorieta na contorna do p.q. 0+300, na intersección da AC-542 co ramal de acceso a estrada N-VI.
- Creación dun vial de acceso ao centro asistencial Pai Menni que comeza nunha curva abandonada da AC-542, que da acceso á estrada local cara ao núcleo de Farragoto. A actuación inclúe a remodelación desta antiga curva.
- Ampliación do paso superior sobre a vía férrea existente no p.q. 1+980, para dar continuidade ó itinerario peonil.
- Mellora da iluminación no paso baixo a estrada N-VI e reforzo da sinalización dos pasos de peóns existentes.

4. Características técnicas

Seccións:

	<u>AC-542</u>	<u>Glorieta</u>	<u>Vial Pai Menni</u>
Carrís	2 x 3,30 m (min)	2 x 4,00 m	2 x 3,00 m
Beiravías	2 x variable (min 0,30 m)	2 x 1,00m	2 x 0,50 m
Beirarrúas	1,80 m ancho mínimo		

Pavimento beirarrúas: Formigón HF-3,5 de 16 cm de espesor e bordo de tipo C5

Firmes:

- **Ampliación da plataforma:** subbase de saburra artificial (40 cm), base de MBQ tipo AC22 bin BC50/70 S (11 cm) e capa de rodadura de AC16 surf BC 50/70 S (5 cm).

- **Novo vial de conexión con Pai Menni** neste novo vial que conecta o tramo da antiga estrada da AC-542 co centro Pai Menni, debido a que se prevé un tráfico pesado mínimo e non representativo, óptase por 5 cm de mestura bituminosa AC16 surf BC 50/70 S sobre 25 cm de saburra artificial.

- **Accesos:** subbase de saburra artificial (25 cm) e capa de rodadura tipo AC16 surf BC 50/70 S (5 cm).

- **Rehabilitación firme existente:** Nas áreas nas que o firme proxectado se localiza sobre o existente se consideran dos casos, Zonas onde sexa necesario complementar o espesor do firme existente con respecto a cota inferior da capa de rodadura, adoptase a mesma sección estrutural que na ampliación de plataforma, cun espesor variable da subbase; regularizando o firme fresando si fose necesario e repoñéndoo con MBQ tipo AC-22 bin BC50/70 S (entre 6 e 11 cm).

- **Ampliación do paso superior sobre a vía férrea:** Fresarase o espesor necesario, (máximo 5 cm), para proporcionar espazo á capa de rodadura proxectada en todo o ancho da calzada, 5 cm de mestura bituminosa tipo AC-16 surf BC 50/70 S. Finalmente, en todos os casos: aplicárase unha capa de rodadura de 5 cm AC-16 surf BC 50/70 S (con betume mellorado con caucho) e entre capas regas de imprimación ou de adherencia.

Drenaxe:

Repoñerase a rede de pluviais existente na contorna da glorieta proxectada. Ademais proxéctanse gabias de seguridade de 0,70 m de ancho no novo vial a Pai Menni e na adaptación do camiño a Farragoto.

5. Poboación Servida (INE 2024)

Betanzos	13.261 hab.
TOTAL	13.261 hab.

6. Concellos Afectados

Betanzos.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas 8 fincas no concello de Betanzos.

Orzamentos bens	1.190,98 €
Orzamento terreos	50.469,14€
5% de afección	2.583,01 €
Orzamento total expropiacións	54.243,13 €

8. Prazo de execución

O prazo previsto de execución das obras é de **DOCE (12) meses**.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	1.132.566,50 €
Orzamento Servizos afectados	9.830,00 €
Orzamento para Control e Seguimento Ambiental	1.000,00 €
Orzamento e control Arqueolóxico	1.000,00 €
Orzamento Expropiacións	54.243,13 €
Orzamento para coñecemento da administración	1.198,639,63 €

PLANOS DE SITUACIÓN



SECCIÓNS TIPO

